

## Miliario de Zadagós

05007701

### Datos de Localización

### Miliario

<b>Inmoble:</b>	Inmoble indeterminado
<b>Localización:</b>	As Ladeiras (Zadagós)
<b>Coord. UTM</b>	<b>X:</b> 60559072 <b>Y:</b> 466643046
<b>Concello:</b>	Sandiás
<b>Parroquia:</b>	PIÑEIRA DE ARCOS
<b>Lugar:</b>	Zadagós
<b>Tipoloxía:</b>	Epigrafía
<b>Tipo:</b>	Miliarios
<b>Subtipo:</b>	Miliario
<b>Denominación:</b>	Miliario de Zadagós



### Características

**Etapa Histórica** Época Romana

**Estilo:**

**Descrición:**

A pesar de que na ficha do inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia, e noutras obras como "*Miliarios e outras inscricións viarias romanas do noroeste hispánico*" se sostíña que esta peza foi atopada en 1920, o certo é que tivo que ser descuberta con anterioridade, nos primeiros anos do século XX, porque no terceiro tomo do B.C.M.O. que comprende traballos dos anos 1906-1909 xa foi publicada por Vázquez Núñez como inédita. Neste traballo o autor fai unha interpretación bastante axeitada da epigrafía, indicando que o miliario estaba en bastante bo estado de conservación.

No I.R.G. queda catalogado na páxina 50 co número 33 e Díez Sanjurjo tan só fai unha breve cita do miliario no seu traballo.

No seu día foi descuberto nunhas leiras que os veciños de Zadagós chaman As Ladeiras, ó norte da aldea. No ano 1974 Rivas Fernández fai un estudio exhaustivo do miliario sinalando as seguintes coordenadas: 42° 10' 38" L.N. E 3° 59' 29" L.O. Por aquel entón Rivas di que o miliario xa estaba fragmentado en dous trozos de facía 50 ou 60 anos, polo tanto dende principios do século XX. Foi partido lonxitudinalmente en dous anacos, un de maior envergadura có outro. Un dos pedazos estaba tendo man dunha viga nun palleiro e o outro sostíña dunha cancela para a entrada dunha especie de patio-galiñeiro que había diante do mesmo palleiro. Esta construción era propiedade de Dona Julia Marra. Nesta ubicación estivo durante un longo periodo de tempo, ata que fai poucos anos foi reconstruído e conducido ata o emprazamento que ocupa na actualidade, un cruce de pistas da concentración parcelaria, moi preto de onde apareceu en orixe.

Estase a falar dun inxente cilindro de granito de gran grosor que está ben executado. Tras a súa reconstrución pódese dicir que é un dos miliarios mellor conservados do Concello de Sandiás.

Está adicado ó emperador Maximino e ó seu fillo Máximo e non sinala ningunha milla a pesares de ter espazo en branco suficiente para a gravación. Ten un carácter propagandístico xa que fai referencia á reparación e ó coidado

das vías e obras afectadas polo paso dos anos. Este miliario relaciónase co ano 238, data na cal Maximino recibiu a sétima investidura imperial. Tamén se gravou a quinta investidura tribunicia, aínda que este feito constitúe un erro xa que o emperador non pasou da cuarta -alcanzada no ano 237-.

Esta é a interpretación recente levada a cabo por Rodríguez Colmenero, Ferrer Sierra e Álvarez Asorey:

Imp(erator) caes(ar) C(aius) Iulius  
 Verus Maxim[i]nus pi[us] fel(ix)  
 aug(ustus) germ(anicus) max(imus) dac(icus) max(imus) [s]arm(aticus)  
 max(imus) pont(i) f(ex) (maximus) tr[i]b(unicia) pot(estate) V i[m]p(erator)  
 VII p(ater) p(atriciae) co(n)s(ul) pr(o)co(n)s(ul) et C(aius) Iuliu(s)  
 Verus Maxim(u)s nobi[lis]si  
 mus caes(ar) germ(anicus) max(imus) da[c(icus) m]ax(imus)  
 sarm(aticus) max(imus) pr[i]nceps iu[v]en  
 tutis fil(ius) d(omini) n(ostri) imp(eratoris) caes(aris) G(ai) lu[li]  
 Veri Maximin[i] {fil(ius)} pius fe[l(ix) a]ug(ustus)  
 vias et pontes [i]n tempor[ib]us  
 vetustate con[si]psos rest[itu]  
 pr(a)eceperunt [c]ura agen[e] Q(uinto)  
 Decio leg(ato) augg(ustorum) [p]r(o)pr(aetore) c(larissimo) v(iro)

Ó emperador César Augusto Gaio Xulio Vero Maximino, pío, feliz, xermánico máximo, dácico máximo, sarmático máximo, pontífice, coa tribunicia potestade por quinta vez, emperador pola sétima, pai sa patria, cónsul, procónsul; e Caio Xulio Vero Máximo, nobilísimo César, xermánico máximo, dácico máximo, sarmático máximo, príncipe da xuventude, fillo do noso señor o César emperador Caio Xulio Vero Maximino; pío, feliz, Augusto mandaron refacer as vías e as pontes deterioradas polo paso do tempo, sendo responsable Quinto Decio, legado propretor dos Augustos, esclarecido varón (na milla 71).

**Datación:** 238

**Autoría:**

**Materiais:** Granito

**Carac. Técnicas:**

**Alto:** 218 cm.

**Ancho:** 47 cm.

**Profundo:** 0 cm.

**Diámetro:** 0 cm.

**Perímetro:** 0 cm.

**Peso:** 0 Kg.

**Capacidade:** 0

**Xilófagos:**

**Perda Policromía:**

**Perda Material:**

**Observacións:** Delimítase con protección integral o propio elemento.

**Bibliografía:** -ALVARADO BLANCO, S., RIVAS FERNÁNDEZ, J. C., VEGA PATO, T.: "La Vía Nova en a Limia", *Boletín Auriense*, Anexo 16, Ourense, 1992, pp. 92-97.  
 -DÍEZ SANJURJO, M.: "Los caminos antiguos y el itinerario de Antonino en la provincia de Orense", *BCMOR*, II, Ourense, 1904, p. 319.  
 -LORENZO FERNÁNDEZ, X., *Inscripciones romanas de Galicia. IV. Provincia de Orense*. CSIC, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, Santiago de Compostela, 1968, p. 50, nº 33.  
 -RIVAS FERNÁNDEZ, J. C.: "Addenda al catálogo y estudio de los miliarios orensanos", *Boletín Auriense*, IV, Ourense, 1974, pp. 116-119.  
 -RODRÍGUEZ COLMENERO, A., FERRER SIERRA, S., ÁLVAREZ ASOREY, R. D.: *Miliarios e*

*outras inscricións viarias romanas do noroeste hispánico*, Consello da Cultura Galega, Lugo, 2004, p. 550.

-RODRÍGUEZ COLMENERO, A.: *La red viaria romana del sureste de Galicia*, Valladolid, 1976, p. 106.

-RODRÍGUEZ COLMENERO, A., *Aquae Flaviae. I. Fontes epigráficas da Gallaecia meridional interior*. Cámara Municipal de Chaves, Chaves, 1997, pp 354-356.

-VÁZQUEZ NÚÑEZ, A.: "La epigrafía latina en la provincia de Orense", *B. C. M. O.*, T.III, Ourense, 1906-1909, nº 31, p. 25.

- Documentación:**
- Ficha do inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia. Clave de identificación: GA32077ACH-1.
  - Ficha do catálogo do planeamento urbanístico do Concello de Sandiás. Clave de identificación: GA32077ACH-1/21.





